



CONCELLO DE SANTIAGO

**A MESA** POA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

 **O GALO**  
Agrupación Cultural  
Coordinadora de equipos de Normalización Lingüística

Colaboran:

 

**Correlingua 2000**  
esta historia vai contigo



### Presentación

Dentro da campaña do **Correlingua-2000** e como principal novidade no traballo previo á carreira que se ha celebrar polas rúas de Compostela o 16 de maio á mañá, enviámosvos este ano un xogo de mesa co que pretendemos cubrir un dobre obxectivo. Por unha banda, queremos que sexa unha ferramenta máis para facerdes nas aulas un achegamento lúdico ao noso idioma cun xogo que combina azar e preguntas sobre distintos aspectos do noso idioma. Por outra

parte, o xogo pretende servir de elemento anunciador e preparatorio do que significa a carreira: queremos que se utilice para xogar nas aulas nas semanas previas á carreira e que axude a reflexionar cos rapaces e rapazas sobre a necesidade de movernos pola lingua, sobre a importancia da implicación persoal no proceso de normalización lingüística do noso país. Agardamos que sexa de utilidade e de interese para complementar o voso labor educador.

### Materiais

Incluimos un taboleiro de 100 x 70cm que, nun paralelismo coa propia carreira, representa un percorrido polas rúas de Compostela composto de 50 cuadrículas numeradas polas que transcorrerá o xogo. Tamén incluimos dous grupos de preguntas coas súas correspondentes respostas (un pensado para os cursos máis baixos e outro para os máis altos), necesarias para o desenvolvemento do mesmo: somos conscientes das diferenzas que pode haber entre os distintos cursos de

cada tramo educativo e resulta difícil pensar preguntas axeitadas ao mesmo tempo para uns e outros, polo que confiamos na vosa colaboración para escoller as máis axeitadas ao grupo co que esteades traballando.

Para poder desenvolver o xogo, ides precisar un dado e elementos identificadores para catro equipos: poden ser as típicas fichas de cores que se usan para xogar ao parchís ou podeades recuperar a tradición de facer servir outros elementos (garavanzos, lentellas, grans de millo, etc.)

### As regras do xogo

Para xogar, o máis práctico será dividir a clase en 4 grupos, de maneira que xoguen por equipos; en calquera caso comprobaredes que o xogo é moi simple e flexíbel e permite, en función do número de alumnos, buscar outras variantes: cómpre ter en conta unicamente que cada equipa precisa unha ficha diferente para marcar a súa posición no taboleiro fronte aos outros equipos ou xogadores. O profesor ou profesora actuará como condutor do xogo explicando as normas, lendo o que corresponda ás distintas cuadrículas, facendo as preguntas, etc.

1. Dividimos a clase en equipos de alumnos e alumnas, atribuíndolles a cada un deles unha ficha dunha cor ou calquera outro elemeto de identificación co que ir avanzando polas cuadrículas. Para comezar o xogo, pódese facer unha rolda de tiradas co dado e establecer a orde en que van ir tirando despois os distintos equipos (comezará o que saque o número máis alto).

2. Unha vez establecida esa orde, o profesor ou profesora faralle ao primeiro equipo unha pregunta dos listados correspondentes incluídos no anexo 2; se dan a resposta correcta, poderán tirar o dado e avanzar no taboleiro tantas cuadrículas como indique o dado; logo agardarán de novo a súa vez. Daquela faráselle unha nova pregunta ao seguinte equipo e así sucesivamente, de maneira que sempre deberán responder unha pregunta antes de tirar: dar ou non a resposta correcta é o que lles permite ou non tirar o dado e, polo tanto, avanzar no taboleiro. Se un equipo non sabe a resposta a unha pregunta ou non dá a correcta, non pode tirar e ao seguinte equipo debe facérselle esa mesma pregunta: se ningún equipo, despois dunha volta completa, soubese a resposta, será o profesor quen dea a resposta e pasará á seguinte pregunta.

3. Se caen nunha das 8 casas especiais (números 5, 12, 19, 22, 28, 32, 38 e 42), o profesor ou profesora lerá



o texto correspondente que se inclúe no anexo 2 e indicará cál é o premio ou penalización que lles corresponde. Débese ter en conta que cada unha desas 8 casas corresponde cun período concreto da historia da nosa lingua, polo que a medida que vaian caendo nelas a lectura do texto axudará a facer tamén un percorrido polas distintas etapas que o galego foi atravesando ao longo da súa historia.

4. Loxicamente, gañará o xogo o equipo que antes chegue, de maneira directa, á casa final da Praza da Quintana. Para poder entrar na derradeira casa, haberán de facelo co número exacto, polo que terán que repetir tirada, respondendo á correspondente pregunta e agardando cada vez a súa quenda, ata que entren de maneira directa.

### Xogo especial intercentros

Ademais deste xogo de mesa que vos propomos para as aulas, achegámosvos tamén unha proposta de xogo de busca na rúa, que se completa con algo de traballo de pescuda bibliográfica, para realizaren os alumnos e alumnas por grupos. Nel convidámoslos a que vaian descubriendo polas rúas de Compostela unha serie de lugares vinculados coa historia da nosa lingua e a nosa literatura e que dean resposta a varias preguntas.

A proposta é que distribúades entre os alumnos e alumnas copias abondas dese xogo intercentros para que tenten dar resposta a todas as cuestións que nel se presentan; se non conseguisen respondelas todas, poderán enviar as solucións que teñan. En caso de que ningún grupo dea resposta a todas as cuestións, valoraremos as que se envíen. Teñen de prazo ata o día 15 de maio para enviar ou traer as súas respostas ao local da Mesa en Compostela:

### A Mesa pola Normalización Lingüística

Rua do Vilar, 68, 3º  
15705 Santiago  
Tel. 981 563885

Non se admitirá máis dunha solución por aula. Entre todas as clases dos distintos centros de Santiago que dean a resposta correcta, farase un sorteo o propio día 16 de maio, ao remate da carreira, e o grupo gañador terá como premio unha estupenda excursión de dous días a Allariz para toda a clase.

### Casa nº 5

Caestes na casa nº 5: ¡Parabéns! Estadades na Idade Media. Como saberedes, esta foi época de grande esplendor para a nosa lírica. É a época trobadoresca que comprende desde os primeiros textos escritos, a finais do século XII, ata 1350, cando desaparece a escola lírica galego-portuguesa. Os trobadores compoñen as espléndidas cantigas de amigo, de amor, e de escarnio e maldicer, así como as Cantigas de Santa María, de Afonso X o Sabio, e outros textos en prosa. O galego convértese na lingua lírica de todos os reinos cristiáns da península (agás Cataluña), do que dan fe trobadores como o aragonés Martín Moxa ou o mesmo rei Afonso X o Sabio. Para celebrar esta época de esplendor, facémosvos un agasallo: avanzades 3 cuadrículas.

### Casa nº 12

Mala sorte: Caestes na casa nº 12, os chamados Séculos Escuros. Como o seu nome indica, foron séculos de silencio para a literatura escrita. Galiza ficará en mans da coroa de Castela. As loitas pola sucesión do trono nos séculos XIV e XV supuxeron para o noso país unha derrota definitiva e a entrada do castelán como lingua de poder en substitución do galego. Mentres a aristocracia foránea falaba castelán, a maioría da poboación continuaba a falar galego, mais esta deixou de ser unha lingua de prestixio. Cos Reis Católicos comezou a "doma e castración do reino de Galiza". A partir de 1480 os escribíns públicos galegos son examinados polo "Real Consejo" en Toledo, mudando os seus formularios galegos polos casteláns, feito determinante para a desaparición da lingua escrita.

Este período supuxo, polo tanto, un grave retroceso. Recuades ata a casa nº 5

### Casa nº 19

Esta é a casa dos Ilustrados, no século XVIII. Nesta época, algúns intelectuais galegos van descubrir que Galiza é unha realidade autónoma dentro do complexo estatal, o que os leva a se comprometeren con solucións indubidabelmente galegas tanto na orde económica como cultural. Dúas das figuras senlleiras desta época son Frei Benito Xerónimo Feixó e Frei Martín Sarmiento.

Celebramos este comezo de recuperación cun novo premio: avanzades 2 cuadrículas.

### Casa nº 22

¡Parabéns! Acabades de chegar ao Rexurdimento, no século XIX, que supuxo un balón de osíxeno na historia da nosa cultura. Rosalía de Castro, Eduardo Pondal ou Manuel Curros Enríquez volven empregar o galego como lingua literaria facendo uso do noso idioma como unha arma reivindicativa da nosa cultura. Estes autores abren un camiño de afianzamento da lingua galega e de valoración da nosa identidade como pobo. Non podemos esquecer tampouco figuras tan importantes como a de Xoán Manuel Pintos e Francisco Añón, precursores deste Rexurdimento, que puxeron as bases ideolóxicas e literarias para que se dese este renacer.

Agora si se produce un avance importante que temos que celebrar: adiantas 4 cuadrículas.

### Casa nº 28

Vas por bo camiño. Xa estás na casa da Xeración Nós, no primeiro tercio do século XX. Esta época supón un salto cualitativo moi importante no afianzamento da nosa cultura e da nosa lingua. Intelectuais como Otero Pedraio, Vicente Risco ou Florentino López Cuevillas comprobaban que Galiza era un país que estaba por descubrir e estudian a súa etnografía e arqueoloxía, cultivan o ensaio político e o científico. Comprenden que a única



maneira de sermos galegos e universais e ser plenamente galegos, polo que pasaron a adquirir un forte compromiso con Galiza e coa lingua. Estes ourensáns fundan a revista Nós, que será un referente para quen queira colaborar no proxecto de reivindicar o noso país política e culturalmente. Arredor desta revista sitúanse escritores vinculados ás Irmandades da Fala, entre os que destaca moi especialmente o deseñador da mesma, Afonso Daniel Rodríguez Castelao.

Como ves, esta época supón un fervedoiro de ideas e proxectos encamiñados á dignificación da nosa cultura, cunha solidez e unha forza semellantes á que vos han dar o agasallo que a Xeración Nós vos fai para que sigades adiante: avanzades 3 cuadrículas.

### Casa nº 32

En mala hora caestes nesta casa. A Guerra Civil que se inicia no ano 1936, da man do xeneral golpista Francisco Franco, supón un grave retroceso para todo o proceso galeguizador anterior. Durante o franquismo, que comeza no ano 1939 co triunfo do ditador, perséguese con dureza o uso consciente do galego, que queda reducido ao ámbito familiar, pois utilízalo en actos públicos supón a perda do posto de traballo ou a cadea. Moitas persoas entregadas á defensa do galego e do noso país pagan coas súas vidas: Alexandre Bóveda, Ánxel Casal, Xaime Quintanilla, Blanco Torres, etc., e moitas outras teñen que exiliarse: Castelao, Luís Seoane, Rafael Dieste, Blanco Amor, Lorenzo Varela, etc.

Nunca debería repetirse no futuro do noso idioma e do noso país unha represión tan brutal como a que supuxo a Ditadura, época de horrores e tremenda dor: escribiredes no encerado "Nunca máis" e quedaredes sen tirar tres voltas.

### Casa nº 39

Esta é a casa da Posguerra, un duro período de lenta recuperación. Desde aquí é preciso facer unha homenaxe a todos os galegos e galegas que realizaron un importante traballo cultural no exilio, especialmente en Bos Aires, capital da diáspora. Lembramos o intenso labor realizado por Castelao, Blanco Amor, Luís Seoane, Varela Buxán, Maruxa Villanueva e outros que mantiveron viva a presenza de Galiza a través de diversas publicacións, nun momento en que iso sería imposible no propio país. Obras literarias, ensaísticas, revistas, representacións teatrais (Os vellos non deben de namorarse, de Castelao, por exemplo), recitais, conferencias, ... un intenso labor que mantiña a esperanza dos que quedaron na terra.

Nos anos 50-70, aínda en plena ditadura, coa fundación da Editorial Galaxia, da man dun grupo de galeguistas que optaron pola resistencia cultural (Ramón Piñeiro, Otero Pedraio, Fernández del Riego, Illa Couto, Ferro Couselo, etc.), vólvese ao uso escrito do galego e pouco a pouco vaíse recuperando como lingua literaria e de cultura. Nos anos 60 nacen asociacións culturais por todo o país e publícanse libros como Longa noite de pedra, de Celso Emilio Ferreiro, ou Memorias dun neno labrego, de Neira Vilas, de enorme éxito editorial. A partir de agora, a reivindicación da lingua suporá tamén a resistencia ao réxime franquista.

Esta casa supuxo pois o comezo dun avance lento pero importante. Como a lingua, ti tamén avanzas 2 cuadrículas.

### Casa nº 42

Estaste achegando aos nosos días. Despois da morte de Franco, en 1975, e a chegada da democracia as cousas comezan a mudar. A Constitución Española de 1978 reconece a oficialidade do galego no noso país, reconecemento que se reafirma no artigo 5 do Estatuto de Autonomía, de 1981, onde ademais se establece que o galego é a lingua propia de Galiza. A Lei de Normalización Lingüística, de 1983, recolle, aínda que de maneira ampla e xenérica, os dereitos lingüísticos dos galegos e galegas, e esperta unha intensa loita social pola reivindicación deses dereitos. Unha boa mostra será a manifestación que en 1986, convocada pola Mesa pola Normalización Lingüística baixo o lema "Aprender en galego non é un delito", que reuniu en Santiago a 25.000 persoas. Nestes anos, fóronse producindo avances en distintos campos: apareceron novas editoriais, publicáronse gramáticas e

outros estudos, creouse a CRTVG e o galego foi entrando timidamente nos medios de comunicación e noutros ámbitos. Sen embargo, a pesar da existencia das leis que protexen os nosos dereitos lingüísticos, estas non sempre se cumpren: por exemplo, son moitos os centros de ensino que incumpren os mínimos de uso do galego na docencia, algo que non lles permite ás xeracións máis novas unha formación e competencia adecuadas no seu idioma. Se ben o galego segue a ser

a lingua maioritaria do 70% da poboación, as xeracións máis novas presentan un preocupante descenso no uso do idioma: por iso o teu papel é fundamental no futuro da nosa lingua.

Quédavos pouco para chegar ao final do xogo e agora xa non hai axudas nin agasallos: o camiño que queda para garantir a plena normalidade da nosa lingua no futuro depende de vós e tedes que andalo coas vosas forzas. Está nas vosas mans. Moito ánimo.

## Anexo 2: Preguntas

**Incluimos aquí dous grupos de preguntas, A e B. No grupo A recóllense preguntas máis sinxelas, combinadas con adiviñas e refráns, pensadas para alumnado de educación primaria ou primeiros cursos de secundaria. No grupo B, as preguntas supoñen un coñecemento básico da historia da nosa lingua e da nosa literatura, mais axeitadas para últimos anos de Secundaria, bacharelato, 3º de BUP ou COU. Somos conscientes da dificultade de establecer preguntas por niveis que se adapten aos distintos grupos e niveis educativos, polo que deixamos ao criterio do profesor ou profesora a esollas das preguntas dun ou doutro grupo, ou mesmo unha combinación de ambos.**

### Grupo A

1. A nosa lingua e as nosas letras todos os días están de festa, mais ¿que día o festexamos institucionalmente? (17 de maio, Día das Letras Galegas)
2. ¿Cal é a palabra que se opón a "touro"? (vaca)
3. Resolve a seguinte adiviña:  
Xamais poño mala cara  
anque sempre me dean col  
¿Quen son? (O caracol)
4. ¿Que utensilio empregas para trinchar e levar á boca un anaco dun bisté de vitela? (Un garfo)
5. ¿Que nome reciben os cinco dedos da man? (polgar, gordo ou matapiollos; índice ou furabolos; maior ou pai de todos; anular ou medianiño; maimiño ou pequeniño)
6. ¿Que cores ten a bandeira galega? (Azul e branca)

7. ¿Cal é a palabra que se opón a "cabalo"? (egua)
8. ¿Con que escribe o profesor ou profesora no encerado? (Cun xiz)
9. Completa:  
- Pico, pico, mazarico  
¿quen che deu tan longo.....?  
- Deumo Deus polos meus traballos  
para picar nos ..... (bico, carballos)
10. ¿Cal é a palabra que se opón a "abade"? (abadesa)
11. Resolve a seguinte adiviña:  
¿Que cousiña é cousa que pasa o río e non se molla?  
(A sombra)
12. ¿Onde traballa un albanel? (na construción)
13. ¿Un grupo de paxaros chámase unha .....? (bandada)
14. Completa:  
Se ti viras o que eu vin  
na feira de Monterroso,  
vintecinco xastres xuntos  
dacabalo dun..... (raposo)
15. ¿Que facemos se facemos campismo? (montar unha tenda ou unha caravana ao aire libre)
16. ¿Que animal rincha? (o cabalo)
17. Ponlle fin a este refrán:  
Polo San Brais o día xa ten dúas horas..... (máis)
18. ¿Que animal miaña? (o gato)
19. ¿Con que facemos un nobelo? (Con la ou on fio)
20. Resolve esta adiviña:  
¿Que será unha cousiña cousa  
ben redondiña, ben redonda,  
e que sen ela non sae o sol? (O "o")
21. ¿Que poñerías nun andel? (Libros, por exemplo)
22. ¿Cal das seguintes palabras non pertence a esta



- familia: crear, crebar, creador, creación? (crebar)
23. Verdadeiro ou falso: ¿o galego provén do latín? (V)
24. Ponlle fin a este refrán:  
O boi onde paze; e o home onde.....(nace)
25. ¿Que programa da TVG vai dirixido aos máis cativos a través da figura dun simpático animalíño? (Xabarín Club)
26. ¿De que cor é a mapoula? (vermella)
27. Resolve esta adiviña:  
Unha señorita moi enseñoritada  
Que sempre vai en coche  
E sempre vai mollada (A lingua)
28. Completa:  
Rabo de cocha,  
rabo de .....  
dixo o meu pai  
que estaba nesta (besta)
29. ¿Qué mes vén antes de febreiro? (Xaneiro)
30. Ponlle fin a este refrán:  
Se ves mascatos voar, busca sardiñas no.....(mar)
31. ¿Con que utensilio tomas a sopa? (Cunha culler)
32. Di dúas cousas que poidamos atopar nun peirao (redes, nasas, barcos, guindastres, etc.)
33. Resolve esta adiviña:  
¿Que cousa cousiña é,  
para adiviñar é,  
que canto máis lle quitan  
máis grande é. (O burato)
34. ¿Cal é o mes de Santiago?
35. Ponlle fin a este refrán:  
A cada paxariño gústalle o seu..... (niño)
36. ¿A quen pertence a poesía que comeza así:  
"Airiños airiños aires  
airiños da miña terra  
airiños airiños aires  
airiños levaime a ela" (Rosalía de Castro)
37. Completa:  
Catro vellos..... (mariñeiros)  
catro vellos..... (mariñeiros)  
todos metidos nun..... (bote)  
boga, boga..... (mariñeiro)  
vamos pra..... (Viveiro)  
xa se ve..... (San Roque)
38. ¿Como se chama o verme que alumea de noite: lombriga, miñoca ou vagalume? (vagalume)
39. ¿Cal é o nome da revista infantil para "pintos, maragotas, golfiños, golfiñas e outras especiais coma ti"? (Golfiño)
40. Ponlle fin a este refrán:

- Abril para ser abril necesita vir con augas.....  
(mil)
41. ¿De que cor era o cabalo branco de Santiago? (Branco)
44. ¿Onde fritimos un ovo? (Nunha tixola)
45. Resolve a seguinte adiviña:  
Auga clara,  
fonte amarela,  
casa encalada  
ninguén vive nela (O ovo)
46. ¿Como se chama o animal que ten dúas chepas no lombo e que podemos atopar no deserto ou nun zoolóxico? (Camelo)
47. ¿Cal é o mes de San Xoán? (Xuño)
48. Ponlle fin a este refrán:  
Polo San Xoán a sardiña molla no..... (pan)
49. ¿Como se chaman os dedos dos pés? (dedas)
50. ¿Onde podemos ver unha padiola? (Nun campo de fútbol)
51. ¿Que autor de Rianxo escribiu Os vellos non deben de namorarse? (Castelao)
52. Resolve a seguinte adiviña:  
Alta coma as torres,  
Branca como hai flores;  
Todo cobre, todo cobre,  
Agás o río que non pode. (A neve)
53. Ponlle fin a este refrán:  
No Carballiño hai moita auga e pouco.....  
(viño)
54. Completa:  
A saia de Carolina  
ten un.....pintado  
cando Carolina baila  
o .....move o ..... (lagarto, lagarto, rabo)
55. ¿Como se chama cada un dos pregues da pel que cobren e protexen os ollos por fóra? (Pálpebra)
56. ¿Qué lle pasa a alguén se afoga nun vaso de auga? (Que lle dá moita importancia a unha cousa pequena)
57. Todos os membros do grupo han de repetir un por un este trabalinguas:  
Xan di a Xan  
Que lle diga a Xan  
Que vaia abrir a porta  
Que Xan á porta está
58. ¿A quen se lle dedica este ano o Día das Letras Galegas? (Manuel Murguía)
59. Resolve a seguinte adiviña:

- Adán lévaa por diante  
E Eva por detrás. (O "a")
60. Completa:  
Do queixo non che me queixo,  
que o queixo ben che me sabe.  
quéixome do que mo vende,  
que non mo deixa de..... (balde)
61. ¿Como se chama o xogo no que compoñemos unha imaxe ou un debuxo xuntando varias pezas? (Crebacabezas)
62. Ponlle fin a este refrán:  
Pola Santa Lucía tan longa é a noite como é o.....  
(día)
63. Resolve a seguinte adiviña:  
Vive na montaña,  
dúas sílabas ten  
e polos dous lados  
o mesmo se le (O oso)
64. ¿Qué se opón a "encher"? (baleirar)
65. Todos os membros do grupo han de repetir un por un este trabalinguas:  
Porque sabes que che quero,  
Queres que che queira máis.  
Quéroche máis que me queres,  
¿qué máis queres, queres máis?
66. ¿En Galiza hai máis de 300 concellos ou menos? (Máis, 315)
67. ¿Quen pode levar caneleiras? (Os xogadores de fútbol)
68. ¿En que provincia está o Mosteiro de Oseira? (Ourense)
69. ¿Que dous ríos pasan pola cidade de Santiago? (Sar e Sarela)
70. ¿A que termo corresponde esta definición: movemento rápido da auga en forma de espiral? (remuíño)

## Grupo B

1. ¿Por que se celebra o Día das Letras Galegas o 17 de maio? (Porque foi o 17 de maio de 1863 a data de publicación de Cantares gallegos, de Rosalía de Castro)
2. ¿A quen se lle dedica este ano o Día das Letras Galegas? (A Manuel Murguía)
3. Cita algún dos autores a quen se lle dedicou o Día das Letras Galegas nos tres últimos anos. (Roberto Blanco Torres, 1999; Johan de Cangas, Mendinho e Martin Codax, 1998; Ánxel Fole, 1997)
4. ¿Que poeta galego escribiu o libro De catro a catro? (Manuel Antonio)

5. Legalmente os galegos e galegas temos pleno dereito a dirixirnos á administración, oralmente e por escrito, en galego: ¿verdadeiro ou falso? (Verdadeiro, recoñéceo o artigo 6 da Lei de Normalización Lingüística)
6. ¿Durante que época o galego-portugués foi o idioma lírico de boa parte da Península Ibérica? (Idade Media)
7. Na Idade Media o galego-portugués foi a lingua de expresión da chamada lírica medieval, cantigas relixiosas e profanas que se conservan en cancioneros: ¿cales son os tres grandes xéneros que normalmente se distinguen dentro das cantigas profanas? (Cantigas de Amigo, Cantigas de Amor, Cantigas de Escarnio e Maldicer)
8. ¿A que cidade estaban dedicadas as cantigas do poeta medieval Martin Codax? (Vigo)
9. ¿Cantas capitais tiña o antigo Reino de Galiza? (Sete)
10. ¿Onde están As Burgas, as fontes de auga quente de máis sona en Galiza? (En Ourense)
11. ¿Que poeta andaluz escribiu seis poemas en galego? (Federico García Lorca)
12. O galego, como lingua que procede do latín, dise que é unha lingua ..... (romance ou románica)
13. ¿De que século son os primeiros textos escritos na nosa lingua? (Finais do séc. XII)
14. ¿En que ano se fundou a Editorial Galaxia? (1950)
15. ¿Qué hai incorrecto nesta frase: "Meus pais casáronse no ano 1980"? (O pronome "se": "Meus pais casaron no ano 1980")
16. ¿Que fan doce ovos nunha cesta? (Unha ducia)
17. Dos séculos XVI e XVII o galego apenas conserva textos escritos: ¿verdadeiro ou falso? (V)
18. ¿Cales son os chamados "Séculos Escuros"? (XVI, XVII e XVIII)
19. O Arenteiro é o equipo de fútbol de .....? (Ribadavia)
20. Nun xuízo en Galiza, se o xuíz non fala galego as persoas que vaian declarar tampouco poden falar galego: ¿verdadeiro ou falso? (Falso: a Lei de Normalización Lingüística di que os cidadáns podemos utilizar o galego nas nosas relacións coa Xustiza)
21. ¿Quen foron os "mártires de Carral"? (Os fusilados despois do levantamento galeguista de 1846 en Santiago)
22. ¿Qué fago se che dou polo pao? (Douche conversa do que ti queres, incitándote e dádoche a razón)



23. A San Andrés de Teixido vai de morto ..... (...quen non foi de vivo)

24. ¿En que ría están as Illas Cíes? (Ría de Vigo)

25. ¿Que libro marca o inicio do verdadeiro Rexurdimento das nosas letras despois dos Séculos Escuros? (Cantares Gallegos, de Rosalía de Castro, 1863?)

26. ¿Qué significa "botar a lingua a pacer"? (Falar de máis ou falar o que non se debe)

27. ¿Qué lle fixo Pepe a Antón se lle tirou pola lingua? (Tentou que lle contase algo que non quería dicir)

28. Serías quen de dicir qué poeta do Rexurdimento escribiu estes versos:(...) eu nacín cabo do pinal espeso,/ eu nacín na pequena Ponteceso (Eduardo Pondal, 1835-1917)

29. En Galiza son co-oficiais o galego e o español, polo que tanto é oficial a forma A Coruña como La Coruña: ¿verdadeiro ou falso? (Falso: o artigo 10 da Lei de Normalización Lingüística di que as únicas formas oficiais dos nosos nomes de lugar son as galegas, polo que a única forma oficial para o nome desta cidade galega é A Coruña)

30. En Santiago hai un Museo que recolle numerosos aspectos da historia e da cultura popular do noso país: ¿cómo se chama? (Museo do Pobo Galego)

31. O Museo do Pobo Galego está ubicado no edificio de San Domingos de Bonaval, que tamén acolle na súa igrexa o Panteón de Galegos Ilustres, onde están soterradas destacadas personalidades da nosa literatura e da nosa cultura: ¿poderías citar algunha? (Rosalía de Castro, Alfredo Brañas, Francisco Asorei, Daniel Castelao, Ramón Cabanillas, Domingo Fontán)

32. ¿Quen son "os dous de sempre"? (Pedriño e Rañolas, os personaxes da obra de Castelao que xustamente leva ese título)

33. ¿Que é a gheada? (Un trazo característico do galego de boa parte do noso país que consiste na ausencia do fonema /g/ que nesas zonas se realiza como unha aspiración /h/: amigho)

34. ¿Os habitantes de Santiago son coñecidos como Composteláns ou...? (Picheleiros ou picholeiros)

35. Durante o século XVIII o galego segue a ser considerado unha lingua de andar por casa, mais un grupo minoritario de intelectuais, os chamados "ilustrados", comezan a manifestar a súa preocupación pola marxinação lingüística de Galiza. Cita un deles (Padre Feixó, Padre Sobreira, Padre Sarmiento, Diego Antonio de Cernadas e Castro "Cura de Fruíme", Xosé Cornide

e Saavedra, ...)

36. ¿En que provincia está o Mosteiro de Samos? (Lugo)

37. Na China fálase ..... (chinés)

38. No ensino, calquera profesor ou profesora pode escoller a lingua en que imparte as súas clases: ¿verdadeiro ou falso? (Falso: están legalmente regulados os mínimos de uso do galego no ensino e, para garantir a incorporación do galego ao sistema educativo e a formación dos alumnos e alumnas na súa lingua, hai unha serie de materias que deben por Lei ser impartidas en galego; é un dereito dos alumnos)

39. Os habitantes da Coruña son coñecidos como Coruñeses ou ... (Cascarilleiros)

40. ¿Que significan as cunchas que hai gravadas nas portas de moitas casas en Santiago? (Que eran pousadas de peregrinos)

41. ¿Quen foi Frei Martín Sarmiento? (Un dos ilustrados do século XVIII que denunciou a marxinação que sufría a lingua galega)

42. ¿Que libro marca o inicio do verdadeiro rexurdimento da nosa literatura despois dos Séculos Escuros? (Cantares Gallegos, de Rosalía de Castro)

43. ¿Quen é o autor do poema que dá letra ao himno galego? (Eduardo Pondal)

44. ¿En que libro aparece incluído o poema "Os pinos", letra do himno galego? (En Queixumes dos pinos, de Eduardo Pondal)

45. ¿Con que nome se coñece o documento que recibe quen fai o camiño de Santiago? (A compostelana)

46. ¿Cal é a lingua irmá do galego xa que proceden ambas do mesmo tronco? (O portugués)

47. ¿Qué escritor da Arousa foi coroado no 1917 como Poeta da Raza? (Ramón Cabanillas)

48. Nas aulas, só se pode usar o galego naqueles casos en que o profesor ou profesora imparta as clases nesa lingua: ¿verdadeiro ou falso? (Falso: salvo nas clases de Lingua Castelá e literatura e, no seu caso, nas de linguas estranxeiras, o alumnado ten dereito a usar o galego libremente)

49. ¿En que ano se fundou a Real Academia Galega? (1906)

50. ¿Quen foi o primeiro presidente da Real Academia Galega? (Manuel Murguía)

51. ¿Quen é o actual presidente da Real Academia Galega? (Francisco Fernández del Riego)

52. ¿Que edificio de Santiago non ten máis ca fachada? (A casa do Deán)

53. ¿En que ano se fundaron as Irmandades da Fala?

(1916)

54. A vila de Rianxo foi berce de varios escritores galegos, ¿poderías citar algún? (Castelao, Manuel Antonio, Rafael Dieste)

55. ¿Qué nome ten a revista que foi o voceiro das Irmandades da Fala e que hoxe mantén o seu nome nun semanario galego? (A Nosa Terra)

56. En 1923, un grupo de estudantes e profesores da Universidade de Santiago fundaron unha institución para o estudio científico de todos os aspectos da realidade galega no noso idioma. ¿Cómo se chamaba esa institución? (Seminario de Estudos Galegos)

57. ¿Cando se recoñeceu por primeira vez que a lingua galega era oficial en Galiza? (Durante a 2ª República, no Estatuto de Autonomía de 1936)

58. ¿En que ano se funda o Partido Galeguista? (1931)

59. O nome "Nós" foi un emblema na primeira metade do século XX: ¿que alcalde compostelán o levou ao mundo dos libros a través da súa editorial? (Ánxel Casal)

60. ¿Qué autor fixo que se usase a denominación "longa noite de pedra" para os anos da ditadura franquista? (Celso Emilio Ferreiro)

61. En xuño de 1983 o Parlamento Galego aprobaba un texto legal que desenvolvía, aínda que de maneira tímida, os nosos dereitos lingüísticos: ¿de que Lei fala-

mos? (A Lei 3/1983, de Normalización Lingüística)

62. Que autor galego escribiu a novela A esmorga? (Eduardo Blanco Amor)

63. ¿En que ano comezou a emitir a TVG? (1985)

64. Desde hai uns anos, podemos ver filmes en galego nas salas de cinema comercial. ¿poderías citar o título dalgún deses filmes que se proxectaron na nosa lingua? (O pico das viúvas, Un amor por descubrir, Os padriños do noivo, A noiva de Chucky, Fisterra, A lingua das bolboretas, Cando volvas ao meu lado, Arde amor, Sei quen es, etc.)

65. ¿De onde é o escritor Suso de Toro? (De Santiago)

66. ¿Qué movemento musical abandeiran os Diplomáticos de Monte Alto? (O rock Bravú)

67. ¿Quen foi Bernal de Bonaval? (Un trovador medieval, do século XIII)

68. O galego fálase tamén fóra de Galiza, nas zonas máis occidentais das provincias de ..... (Asturias, León e Zamora)

69. Antón Reixa e o seu grupo foron decisivos para o auxe do rock en galego. ¿Cómo se chamaba ese grupo que Reixa lideraba nos anos 80? (Os Resentidos)

70. ¿Qué queremos dicir cando dicimos que o futuro do galego depende de ti?



## XOGO DE BUSCA

**A cidade de Santiago está chea de referencias e de lugares vinculados a distintos episodios e persoas importantes da historia da nosa lingua e da nosa cultura. E xa sabes que esa historia vai contigo: só tes que fixarte un pouco e buscar. Este xogo propónvos un traballo de busca que vos ha levar a dar resposta ás cuestións que se inclúen máis abaixo. Paciencia, sagacidade, algo de sorte e, sobre todo, moita curiosidade. É a túa historia.**

No casco histórico de Compostela, preto da Praza de Mazarelos, está a casa dun escritor galego que hoxe acolle unha institución que ten por obxecto o estudio da nosa lingua (1). Ese escritor publicou unha novela ambientada no século XVI que inclúe no seu título unha referencia a un lugar de Santiago onde hai unha igrexa na que están soterradas destacadas figuras da nosa cultura (2). Unha desas persoas alí soterradas escribiu en galego nun momento de enorme importancia na historia da literatura galega (3), etapa á que tamén pertence un poeta galego que morreu na Habana (4). Por certo, parte da obra deste poeta foi musicada por un compositor compostelán que residía na ruela de Pitelos (5). Mais voltemos a esa decisiva figura da literatura galega, soterrada nunha igrexa de Compostela, da que falabamos antes: acudía a tertulias literarias nun lugar de encontro moi importante naquel momento, situado na Virxe da Cerca (6), onde estableceu relación cun escritor que viviu no nº 1 do Cantón de San Bieito, tal e como nos lembra unha placa alí situada (7). Este escritor participou, xunto con outros intelectuais e estudantes, nun acto de homenaxe aos artesáns de Compostela (8) e morreu no mesmo ano en que profesores e estudantes da Universidade de Santiago fundaron unha institución capital para o desenvolvemento da investigación científica e da cultura en Galiza (9). Un dos secretarios desta institución, que anos máis tarde había ser o primeiro catedrático en impartir clases de lingua galega na universidade aínda durante o franquismo, residiu nunha casa na Carreira do Conde (10).

Mais voltemos con esa importante institución universitaria da que falabamos: tres anos antes da súa fundación, viu a luz en Ourense unha publicación periódica que, logo de pasar por outras cidades, a partir do número 88 comezou a imprimirse en Santiago, nunha imprenta que estaba situada non moi lonxe da Praza do Toural (11). O editor desta publicación en Santiago acudía a tertulias literarias nun café que estaba nun local da Rúa do Vilar no que hoxe hai unha librería (12); nesas tertulias coincidía, entre outros, cun pintor e escritor que, por aqueles anos, residía na rúa de Fonseca nº 2 (13). Este pintor, xunto con Camilo Díaz Baliño e outro importante intelectual galeguista, traballou na elaboración da propaganda mural do Estatuto de Autonomía de 1936 (14), o mesmo ano en que un importante escultor afincado en Santiago traslada o seu domicilio ao Campillo do Carme, preto do seu taller de Santa Clara: anos máis tarde dedicaríanlle nesa zona unha rúa (15). Este escultor recibiu un sobrenome moi semellante ao dun poeta (16) que nacera na mesma vila ca el trece anos antes e que tamén está soterrado nesa igrexa de Santiago da que xa falamos, un lugar que agocha moitas das claves da nosa historia. Descubrilas fará que esa pase a ser tamén a túa historia e vaia sempre contigo.

### Cuestións:

- 1.1. ¿A que autor nos referimos?
- 1.2. Escribe o enderezo da casa da que falamos.
- 1.3. Copia o texto da placa que figura nesa casa en lembranza do escritor.
- 1.4. ¿Que institución ten a súa sede actualmente na casa deste autor?
- 2.1. ¿Cal é o título desa novela?
- 2.2. ¿A que lugar nos referimos?
- 2.3. Cita os nomes das seis figuras destacadas da

nosa cultura que están soterradas nese lugar.

- 2.4. ¿Cal é o poeta medieval que incluía no seu nome a referencia a ese mesmo lugar?

- 3.1. ¿A quen nos referimos?
- 3.2. ¿En que ano se erixiu un monumento dedicado a esta persoa que está na Alameda de Santiago?

4. ¿Quen é ese poeta?

- 5.1. ¿Que músico é?
- 5.2. Copia o texto da placa que o recorda na súa casa.

- 6.1. ¿Como se chamaba a sociedade onde se celebraban estas tertulias?
- 6.2. ¿En que edificio estaba situada?

- 7.1. ¿A que escritor nos referimos?
- 7.2. Copia o texto da placa que está na casa onde viviu.

- 8.1. ¿Con que nome se recorda esa homenaxe?
- 8.2. ¿Que intelectuais participaron nela?

- 9.1. ¿En que ano morre este escritor?
- 9.2. ¿De que institución falamos?
- 9.3. ¿En que edificio compostelán estaba esa institución?
- 9.4. ¿Qué outra institución alberga hoxe ese mesmo edificio?

- 10.1. ¿Quen era esta persoa?
- 10.2. ¿En que número da Carreira do Conde está a casa en que viviu?
- 10.3. Copia o texto da placa que hai na fachada.

- 11.1. Nome da publicación.
- 11.2. Rúa e número onde estaba a imprenta.
- 11.3. Copia o texto da placa que lembra este feito.

- 12.1. ¿Quen era o editor?
- 12.2. ¿Como se chamaba ese café e en que número da rúa estaba?
- 12.3. ¿Que cargo político desempeñou o editor?
- 12.4. ¿Como e cando morreu?

- 13.1. ¿A quen nos referimos?
- 13.2. Copia o texto da placa que o lembra.

- 14.1. ¿Quen era ese terceiro intelectual?
- 14.2. Este home participou nos anos 30 na fundación dun partido político de enorme importancia para Galiza: ¿de que partido falamos?

- 15.1. ¿Quen era este escultor?
- 15.2. Cita unha obra deste escultor situada en Compostela.

- 16.1. ¿A que vila nos referimos?
- 16.2. ¿Quen é este poeta?
- 16.3. ¿Cales eran os sobrenomes destas dúas persoas?

### NOTA IMPORTANTE

Tedes de prazo ata o día 15 de maio para enviar ou traer as respostas a todas estas cuestións ao local da Mesa en Compostela, indicando curso e centro ao que pertencen:

**A Mesa pola Normalización Lingüística**  
Rúa do Vilar, 68, 3º  
15705 Santiago  
Tel. 981 563885

No caso de que non deades contestado todas as preguntas, poderedes entregar as respostas que teñades, xa que no caso de que ningún centro dese a resposta correcta a todas as cuestións, valoraremos cuestionarios incompletos. Non se admitirá máis dunha solución por aula. Entre todas as clases dos distintos centros de Santiago que dean a resposta correcta, farase un sorteo o propio día 16 de maio, ao remate da carreira, e o grupo gañador terá como premio unha estupenda excursión de dous días a Allariz para toda a clase.



Faded, illegible text from the reverse side of the page, appearing as bleed-through.

**Organizan:**



Coordenadora de  
Equipos de  
**Normalización  
Lingüística**

**Colaboran:**

